

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 1 de febreiro de 2022 pola que se dá publicidade de varios encargos a medio propio realizados por esta axencia.

De conformidade co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de setembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dáse publicidade aos seguintes encargos a medio propio:

1. Resolución do 17 de decembro de 2021, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se lle encarga ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec), o servizo de apoio técnico administrativo na tramitación das axudas ao abeiro de programas de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable ou de aforro e eficiencia enerxética

– Actividade: apoio técnico e administrativo na tramitación das axudas ao abeiro do programa de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable e ao aforro e eficiencia enerxética, entre elas o Programa MOVES, MOVES II, Plan de vehículos eficientes e Plan Renove electrodomésticos, e aquelas outras axudas dedicadas á mobilidade eficiente e sustentable e ao aforro e mellora da eficiencia enerxética que determine o Inega durante o ano 2022.

– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec) a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

– Financiamento: tramitouse como anticipado de gasto, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. O orzamento de execución ascende á cantidade de setenta e cinco mil setecentos noventa e seis euros con sesenta e oito céntimos (75.796,68 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06-A3-733A-641.90 (código proxecto 201500006).

2. Resolución do 17 de decembro de 2021, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se lle encarga ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec) o servizo de asistencia técnica ao mantemento informático da aplicación REXIS-



tro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia e o control técnico das certificacións rexistradas durante o ano 2022.

– Actividade: mantemento correctivo e evolutivo da aplicación RGEED, e execución do plan de control dos certificados de eficiencia enerxética de edificios rexistrados.

– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec) a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

– Financiamento: tramitouse como anticipado de gasto, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. O orzamento de execución ascende á cantidade de noventa e cinco mil seiscientos vinte e oito euros con corenta e cinco céntimos (95.628,45 €), de acordo coa seguinte repartición por aplicacións orzamentarias:

| Aplicación orzamentaria (Código proxecto) | Anualidade 2022 |
|--|-----------------|
| 06-A3-733A-227.99 (201500006) | 56.261,95 € |
| 06-A3-733A-640.91 (201500006) | 39.366,50 € |
| Totais | 95.628,45 € |

3. Resolución do 31 de xaneiro de 2022, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se encargan ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec) os servizos de desenvolvemento de novas funcionalidades/aplicacións, soporte e mantemento de varios sistemas de tramitación de procedementos electrónicos.

– Actividade: soporte e mantemento de varios sistemas de tramitación de procedementos electrónicos.

– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P., (Tragsatec), a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



– Prazo de vixencia: desde o 1 de febreiro de 2022 ata o 31 de xaneiro de 2023.

– Financiamento: tramitouse con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. O orzamento de execución ascende á cantidade de douscentos trinta e nove mil trinta euros con sesenta e nove céntimos (239.030,69 €), da aplicación orzamentaria 09 A2 733A 640.91, distribuídos segundo o seguinte cadro de códigos de proxecto e anualidades:

| Anualidade | Código proxecto 201500006 | Código proxecto 202100012 | Total |
|------------|------------------------------|------------------------------|--------------|
| 2022 | 167.560,37 € | 50.000,00 € | 217.560,37 € |
| 2023 | 21.470,32 € | - | 21.470,32 € |

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

